



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 24 DE OUTUBRO DE 2012.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS** do mércores día **VINTECATRO DE OUTUBRO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente Alcalde Manuel Cuiña Fernández (por previa comunicación da Alcaldesa da súa ausencia á sesión) , reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente coa asistencia dos tenentes de Alcalde **Dº MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** (1º T. Alcalde, preside a sesión) e **Dº MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** (e os concelleiros **Dº ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** e **Dº KLAUS BREY MONTAÑA** . Asiste a interventora do concello **ISABEL PERNAS SÁNCHEZ** , e a secretaria xeral do Concello **CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

Non asiste : a Alcaldesa, Paula Fernández Pena

A presidencia declara aberta a sesión , convocada verbalmente pola Alcaldesa antes de ausentarse (comunicado á secretaria municipal ás dez horas e vinte minutos deste mesmo día) , que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte segundo sinala a presidencia , que determina tratar este asunto na sesión :

ASUNTO : PLAN DE INVESTIMENTOS E GASTOS CORRENTES PARA O ANO 2012.

O presidente da sesión Manuel Cuiña (1º T. Alcalde) presenta na sesión un expediente referido a este asunto, no que inclúe : as “ Bases reguladoras do Plan de Investimentos e gastos correntes da Deputación de Pontevedra para o ano 2012” (BOP nº 189, do 1 de outubro de 2012) e o Proxecto técnico : “ Asunto :Proxecto reparación de paso sobre río Refoxos. Situación : parroquia de Parada, Silleda (Pontevedra). Solicitante : Concello de Silleda. Autor José Luis Sanmiguel Guerreiro. Data : Outubro 2012 “ cun orzamento total (IVA 21 % incl) de 34.000,01 euros.

O presidente da sesión Manuel Cuiña (1º T. Alcalde) da lectura á proposta de acordo que somete á Xunta de Goberno Local segundo o documento “Plan de investimentos e gastos correntes para o ano 2012. Anexo II. Certificación do investimento “, co seguinte contido, do que se transcribe a parte correspondente ó contido do acordo que somete a aprobación pola Xunta de Goberno Local nesta sesión :

“ Que, informados do contido das bases do Plan de investimentos e gastos correntes para o ano 2012, a/o XUNTA DE GOBERNO LOCAL deste Concello/Entidade local, na sesión do día 24 de OUTUBRO de 2012, adoptou o seguinte acordo.

Primeiro.- Realizar o investimento denominado PROXECTO REPARACIÓN DE PASO SOBRE RÍO REFOXOS.

Segundo.- Solicitar para súa realización unha subvención por importe de 34.000,01 euros con cargo ó Plan de investimentos e gastos correntes da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2012.

Terceiro.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 euros; o órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega.

Cuarto.- Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo . “

A secretaria xeral informa á Xunta de Goberno Local en relación ó expediente e ó acordo que se somete a aprobación nesta sesión da Xunta de Goberno Local :

A secretaria municipal informa que se está sometendo a aprobación da Xunta de Goberno Local un acordo segundo un modelo determinado para a solicitude desta subvención da Deputación Provincial, pero que non consta acreditado na sesión os datos ós que fai referencia o acordo que se somete a aprobación, en concreto en canto ó punto cuarto do acordo sobre a “dispoñibilidade dos terreos e de as licencias ou autorizacións e concesións necesarias “

O presidente da sesión Manuel Cuiña (1º T. Alcalde) se ausenta un momento e se reincorpora á sesión e presenta neste momento na sesión e incorpora ó expediente na sesión un escrito de Augas de Galicia , de data 19 de setembro de 2012, asinado polo Xefe de servizo territorial Angel Gómez Rey (rex saída Augas de Galicia , zona Galicia centro, 19-09-2012, nº 3073, e rex entr concello 21 -09-2012, nº 4998) : “Clave DH.W36.19075. Expediente : Solicitude de autorización de obras de reparación dun paso sobre o río Refoxos, na parroquia de Parada (San Tomé), no t.m. de Silleda (Pontevedra). Asunto : Comunicación sobre traballos de urxencia “, documento que se transcribe :

“ CLAVE: DH.W36.19075

EXPEDIENTE: Solicitude de autorización de obras de reparación dun paso sobre o río Refoxos, na parroquia de Parada (San Tomé), no t.m. de Silleda (Pontevedra)

ASUNTO: Comunicación sobre traballos de urxencia

Examinada a solicitude de referencia que vostede presentou, dada a súa petición de urxencia na execución da obra solicitada e visto o informe da Gardería de Explotación de data 13/09/2012, no que se confirma a urxente e necesaria substitución da ponte existente debido ao seu estado de deterioro, comunícolle o seguinte en aplicación do artigo 10 do R.D. 849/1986, de 11 de abril, polo que se desenvolve a Lei de augas, e que se transcribe textualmente:

Artigo 10:

1. Podrán realizarse en caso de urxencia traballos de protección de carácter provisional en las márgenes de los cauces. Serán responsables de los eventuales daños



que pudieran derivarse de dichas obras los propietarios que las hayan construido (Art. 7 de la LA).

2. La realización de los citados trabajos en la zona de policía deberá ser puesta en conocimiento del Organismo de cuenca en el plazo de un mes, al objeto de que este, a la vista de los mismos y de las circunstancias que los motivaron, pueda resolver sobre su legalización o demolición.

- Facendo extensivo o contido dito artigo ás obras solicitadas, "dado que conlevan tamén a protección das marxes, pódese proceder á substitución da obra de drenaxe existente por un marco de sección 3,00 x 2,80 m, ou drenaxe diferente con capacidade hidráulica e portante suficiente.

-Coa finalidade de que a obra sexa legalizable conforme ao apartado nº 2 do citado artigo 10, convén que polo concello de Silleda se realice un cálculo da capacidade hidráulica da nova obra de drenaxe en relación coa avenida de período de retorno de 100 anos (zona rural) ou 500 anos (zona urbana).

O que lle comunico aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2012. O xefe do servizo territorial. Angel Gómez Rey “.

En relación ó escrito de Augas de Galicia transcrito, o presidente da sesión Manuel Cuiña (1º T. Alcalde) di que esta é a autorización que se necesita.

O presidente da sesión Manuel Cuiña (1º T. Alcalde) di que hai dispoñibilidade de terreos porque di que solo se actuará sobre unha vía de titularidade municipal.

A secretaria municipal informa que, tendo en conta que o presidente da Xunta de Goberno Local indica que con este acordo se aproba o proxecto técnico, a Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) establece que a aprobación dun proxecto técnico para realización de obras pola Administración esixe que quede previamente acreditado o cumprimento da normativa urbanística e sectorial, e que debería haber informe técnico sobre esto, que non consta no expediente na sesión.

A secretaria municipal por outro lado, informa que debe incorporarse informe municipal do arquitecto asesor do concello Lino Doporto sobre a adecuación e suficiencia do proxecto técnico, por exemplo en canto a planos, terreos, replanteo do proxecto que hai que facer, o que implica dispoñer dos terreos..

A secretaria municipal informa que considera que o expediente que consta na sesión da Xunta de Goberno Local e que se somete a aprobación o acordo correspondente non está completo.

A Xunta de Goberno Local, visto o expediente que consta na sesión, no que inclúe : as “ Bases reguladoras do Plan de Investimentos e gastos correntes da Deputación de

Pontevedra para o ano 2012" (BOP nº 189, do 1 de outubro de 2012) e o Proxecto técnico : " Asunto :Proxecto reparación de paso sobre río Refoxos. Situación : parroquia de Parada, Silleda (Pontevedra). Solicitante : Concello de Silleda. Autor José Luis Sanmiguel Guerreiro. Data : Outubro 2012 "cun orzamento total (IVA 21 % incl) de 34.000,01 euros., e o escrito de Augas de Galicia de data 19 de setembro de 2012, asinado polo Xefe de servizo territorial Angel Gómez Rey (rex saída Augas de Galicia , zona Galicia centro, 19-09-2012, nº 3073, e rex entr concello 21 -09-2012, nº 4998) : "Clave DH.W36.19075. Expediente : Solicitud de autorización de obras de reparación dun paso sobre o río Refoxos, na parroquia de Parada (San Tomé), no t.m. de Silleda (Pontevedra). Asunto : Comunicación sobre traballos de urxencia ", segundo o documento "Plan de investimentos e gastos correntes para o ano 2012. Anexo II. Certificación do investimento ", **por delegación da Alcaldesa (Decreto 04-07-2011), por unanimidade dos presentes , aproba este acordo :**

Que, informados do contido das bases do Plan de investimentos e gastos correntes para o ano 2012, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL deste Concello na sesión do día 24 de OUTUBRO de 2012, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Realizar o investimento denominado PROXECTO REPARACIÓN DE PASO SOBRE RÍO REFOXOS.

Segundo.- Solicitar para súa realización unha subvención por importe de 34.000,01 euros con cargo ó Plan de investimentos e gastos correntes da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2012.


Terceiro.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 euros; o órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega.

Cuarto.- Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo .

E non habendo máis asuntos que tratar, pola PRESIDENCIA levántase a sesión as trece horas e quince minutos, extendéndose a presente acta, da que como secretaria xeral, dou fe e certifico.


Silleda, a 24 de outubro de 2012.

Vº e Prace.1º Tenente Alcalde
Presidente da sesión, por ausencia da Alcaldesa



Manuel Cuiña Fernández

Dou fe. A secretaria xeral



Cristina Alonso Losada